

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE MARZO DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a: MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21/02/2008)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e un de febreiro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2007

Dáse conta da liquidación do Orzamento do exercicio 2007, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 29 de febreiro de 2008, que presenta un resultado axustado de CINCOCENTOS CORENTA E UN MIL SETECENTOS OITENTA E OITO EUROS CON SEIS CÉNTIMOS (#-541.788,06 € #) de DÉFICIT, sendo o resumo da mesma o que de seguido se relaciona:

	EUROS
+ Dereitos recoñecidos netos	3.937.490,76
- Obrigas recoñecidas netas	4.541.135,00
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	603.644,24
- Desviacións positivas de financiamento	173.143,82
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	235.000,00
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	541.788,06
DEBEDORES PENDENTES DE COBRO DO EXERCICIO	324.804,90
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO DO EXERCICIO	500.485,30
Remanentes de crédito non comprometidos	312.994,81
Remanentes de crédito comprometidos	31.361,55
Remanentes de crédito con financiamento afectado a incorporar	0
Remanentes de crédito xerais a incorporar	0
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA	
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2007	136.440,21
+ Dereitos pendentes de cobro	379.027,99
- Acreedores pendentes de pago	909.070,17
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA TOTAL	393.601,97
- Saldos de dubidoso cobro	1.811,12
- Exceso de financiamento afectado	173.143,82
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	568.556,91

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE reitera as razóns da desviación e di que a principal causa está nos investimentos do Plan de Investimentos, no que o concello fixo unha achega superior á presupostada.

Expón tamén que xa houbo outras desviacións nalgún exercicio anterior e que se correxirá ben neste xercicio ou no seguinte.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón que se trata dun déficit importante e que non se debe consentir, e que os maiores desaxustes producense en anos electorais; que logo de estudado con máis detemento farase unha valoración.

O Sr. Albela de TEGA expón que en efecto inflúe o que fose ano aelectoral, e que constitúe unha improvisación con respecto ós presupostos sendo unha cifra moi elevada e que merece unha reprobación, debendo regularse neste mesmo exercicio, se ben é certo que non hai débedas a provedores.

O Sr. Martínez do PP expón que hai que estudar en profundidade o tema para facer unha valoración política e súmase ás valoracións dos demais

grupos, e que a imprevisión en ingresos faille dubidar sobre da deste exercicio, poñendo en dúbida a capacidade inversora e de endebedamento dos vindeiros exercicios.

3º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico durante o ano 2008

Dáse conta da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, do 28 de decembro de 2007, pola que se regula a concesión de subvención ós concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico.

Ó abeiro da mesma, propónse:

Primeiro.-solicitar a dita subvención para o proxecto de redacción dos Plan especiais de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia denominados:

- 1) Plan Especial PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E MELLORA DO MEDIO RURAL DO NÚCLEO DE NANDE.VEDRA
- 2) SXP-10 PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E ORDENACIÓN DO CASTRO DE SOCASTRO. PARQUE PÚBLICO SXP-10.VEDRA

Segundo.- aprobar o orzamento para a redacción do Plan especial de protección, rehabilitación e mellora do medio rural do núcleo de Nande, ascendente á cantidade de trescentos vinte e oito mil douscentos trinta e sete euros con noventa e cinco céntimos (#328.237,95#) e o Plan especial de protección e ordenación do Castro de Socastro.Parque público SXP-10, que ascende á cantidade de vinte e tres mil oitenta e cinco euros con corenta e cinco céntimos (#23.085,45#)

Terceiro.- aceptar as condicións previstas na dita orde

Cuarto.- facultar amplamente ao alcalde-presidente do concello para todos os trámites necesario para a dita subvención

O Sr. Albela de TEGA reitera que estas solicitudes deben consensuarse polos grupos para darlle saída á algunha parroquia sen solo urbano.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de utilización dos locais existentes nas casas de cultura e locais parroquiais

Dáse conta do regulamento para a utilización dos locais existentes nas casas de cultura e locais parroquiais.

Logo de diversas matizacións dos grupos sobre algún aspecto concreto, dona Xosefina R. Guitián do BNG di que a iniciativa do seu grupo consensuouse este regulamneto, e que a súa postura era á menos entorpecedora para os veciños.

O Sr. Albela de TEGA expón que as normas logo hai que cumprilas e de aí as súas reservas previas. Di que o regulamento é bo pero que ó mellor non era imprescindible.

O Sr. Martínez do PP felicítase polo consenso e felicita á representante do BNG.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que o documento base redactouno o seu grupo e que o regulamento prevese para cando algún local quede vacío e non para entorpecer ós que xa están ocupados.

Posto a votación o citado regulamento apróbase por unanimidade dos asistentes

5º.- Aprobación, se procede, das bases para a utilización dos salóns de actos das casas de cultura do concello

Dáse conta do reglamento para a utilización dos salóns de actos e salas de uso común dos centros socio-culturais do Concello de Vedra

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón varias matizacións con respecto ó regulamento e di que se podería mellorar e dar máis facilidades.

O Sr. Albela de TEGA di estar de acordo co mesmo, o Sr. Martínez do PP tamén.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado regulamento.

6º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para acadar un acordo municipal respecto ó acceso ó emprego público no concello e publicidade das convocatorias

Apróbase a urxencia deste punto por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da moción do BNG na que se propón a adopción dos seguintes acordos, coa finalidade de darlle a máxima publicidade ó acceso ó emprego público no concello:

1º.- As bases da convocatoria para cubrir prazas de funcionarios ou persoal laboral, serán aprobadas polo Pleno da Corporación. Cando pola urxencia derivada da necesidade de cubrir temporal ou interinamente unha vacante non contemplada na oferta de emprego público, ou pola necesidade de cubrir unha substitución, non se poidan aprobar as bases da convocatoria en Pleno, aprobaranse por unha comisión creada ó efecto con representación de todos os grupos políticos e voto ponderado.

2º.- O Concello de Vedra arbitrará os mecanismos para cubrir as substitucións que se produzan no persoal por baixas, excedencias, vacacións ou permisos, elaborando unha lista de espera co persoal que aprobou sen praza o último procedemento selectivo, onde isto non sexa viábel, por ter sido hai máis de 2 anos este proceso, ou por non haber persoal con probas superadas para elaborar esa lista, elaboraranse unhas bases sinxelas para a

creación de listas de cobertura temporal, polo procedemento marcado no punto 1.

3º.- As convocatorias de prazas e as súas bases serán obxecto da máxima difusión e publicidade, no taboleiro de anuncios do concello e casas municipais, taboleiros das parroquias, boletín informativo municipal e páxina web, ademais do obrigatorio anuncio no BOP, e da posibel e desexabel difusión nos diarios de maior tirada local.

4º.- O prazo para a presentación de instancias dos posibeis aspirantes desde a publicación da convocatoria non será nunca inferior a 15 días, e será como mínimo de un mes para as prazas integradas na Oferta de Emprego Público.

5º.- A publicidade para a cobertura de prazas temporais de Plans de Cooperación e Fomento do Emprego da Xunta de Galicia, Obradoiros de Emprego, etc, será tamén como no punto 3 (agás no que se refire a BOP), indicándose como é o procedemento de selección.

6º.- As prazas que agora mesmo non estean cubertas polos sistemas de oposición ou concurso-oposición, sexan o tipo de contratación que sexan, ofertaranse en convocatoria pública á maior brevidade posibel, e, en todo caso, antes de 2 anos.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón os argumentos e di que é básica a publicidade e se se é escrupuloso coa lei logo non habería dúbidas sobre os procesos de acceso evitándose suspicacias e denuncias, e que de momento estes procesos de acceso pónense na picota, polo cal débese ser suficientemente transparentes neste tema.

O Sr. Albela de TEGA expón que os grupos deben intervir na elaboración das bases xa que iso é transcendental no proceso.

O Sr. Martínez di estar de acordo coa moción.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE fai unha exposición sobre da moción indicando que non se pode consentir que se dea a impresión de que no concello de Vedra haxa prácticas caciquiles, senón que máis ben ocorre o contrario e alude á sentenza da que se dará conta neste mesmo pleno na que a xustiza non só lle dá a razón ó concello senón que califica de mala fe a actitude do sindicato recorrente; prosigue aludindo que no concello, se se teñen en conta os programas de cooperación e os obradoiros de emprego se asinaron centos de contratos sen que a cuestión da contratación de persoal suscitará maior problemática; polo tanto non se estarán facendo as cousas tan mal. Engade que poderían estar de acordo en buscar fórmulas consensuadas para mellorar os procedementos pero non que non se pode estar de acordo é en que se poña en dúbida a honra dos funcionarios e as autoridades que participan na selección do persoal. Di que cando o BNG fala de "política clientelar" está aludindo a unha frase que lle dedicou o Sr. Beiras ó Presidente Fraga no seu día.

Por último, o voceiro do PSdeG-PSOE, pide que se modere a crítica, xa que unha cousa é criticar e outra moi distinta é deixar caer acusacións de conductas tan graves como fai esta moción.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG reitera que hai algunha sentenza contraria ás bases aprobadas no concello.

Posta a votación a citada moción apróbase con 7 votos a favor do BNG, PP e TEGA e 6 abstencións do PSdeG-PSOE.

7º.- Acordo, se procede, sobre Moción do PP para rexeitar a construción da planta de biogás no Concello de Vedra

Dona Xosefina R. Guitián do BNG manifesta a súa oposición a que se declare a urxencia, que se declara con 1 abstención do BNG

De seguido dáse conta da moción do PP na que se expón que o concello de Vedra lle remitiu á Xunta de Galicia o expediente para a construción dunha planta que se dedicará á produción de biogás a partir dos residuos procedentes das depuradoras de auga de Galicia, en terreos das parroquias de San Pedro de Vilanova e de Santa Cruz de Ribadulla, sendo a súa superficie de 16.380 m².

O proceso consistirá na recollida de lodos procedentes de depuradoras de augas residuais para producir biogás e abono para terras agrícolas e forestais, ou ben, valorizar estas lamas para posteriormente utilizalas na recuperación de terreos degradados de diversa índole, como solos procedentes da extracción mineira e de arxilas para facer cerámica, ou incluso solos que sufriron incendios forestais.

Dado que os terreos nos que se pretende instalar están cualificados no Plan Xeral de Ordenación Municipal como de protección forestal e ó lado da Ruta de Prata, o segundo camiño de peregrinos máis transitado a Santiago de Compostela, e a menos dun quilómetro do derradeiro albergue de peregrinos antes de Compostela e entre 500 metros e 1 quilómetro de numerosas vivendas e grupos de poboación, ademais de que conta con moitos mananciais de auga subterránea, propónse a adopción do seguinte acordo: Solicitar á Xunta de Galicia que NON autorice a construción dunha planta de biogás no Concello de Vedra.

O Sr. Martínez do PP di que o tema é sobradamente coñecido e non considera necesario extenderse nel. Di que en varias parroquias, concretamente en Vilanova e Santa Cruz de Ribadulla, non só hai inquietude senón rexeitamento, e iso non significa o rexeitamento á industria senón á ubicación que se lle quere dar e que a planta ocuparía un terreo duns 100.000 m².

Expón tamén que o solo é de protección forestal no que non se pode ubicar este tipo de industria, citando ademais a existencia de acuíferas e que hai posibilidades de olores e de efectos negativos para o entorno, polo cal se debe modificar a súa ubicación, debendo ser a distancia mínima a poboacións de 2 quilómetros.

Por último di que os veciños da parroquia de Vilanova votaron o rexeitamento a esa ubicación da industria, por todo iso o debate deste tema é urxente, solicitando o apoio dos demais grupos.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón en 1º lugar, para evitar malentendidos ante o que vai dicir despois, que o BNG non apoia esa planta, con esas dimensións, no lugar proposto, a ladeira da Serra, polo seu innegable impacto visual e paisaxístico.

En canto ós olores e contaminación, de momento, ó estarmos nunha fase previa, faltan datos; e manifesta que as plantas de tratamento de lodos, en principio, as entendemos como positivas pois buscan dar solución a un problema existente.

Di reafirmarse que a moción non ten ningún sentido e que o procedemento está nunha fase previa que nin sequera hai proxecto.

Tamén afirma que, de ir adiante, o proxecto afectaría a todos, polo cal o seu grupo tamén estaría preocupado, pero que débese esperar, alomenos, ó informe previo da Xunta de Galicia, reiterando que non está en contra deste tipo de plantas pero si que os verquidos como ata gora, vaian ó Río Ulla, afectando a todos.

En canto ós olores e ruidos di que os haberá no polígono industrial, e que non entende, que a estas alturas, un grupo, coma o PP, presente unha proposición non de lei, no Parlamento, alimentando o enfrentamento entre veciños, cando o tema está aínda nunha fase previa, solicitando que o PP retire a moción e convocar unha Comisión Informativa con promotores e representantes veciñais para estudar este asunto.

O Sr. Albela de TEGA expón que o tema é grave como para non facer afirmacións gratuitas nin crear alarmas. Expón que os políticos deben estar ó lado dos veciños, considerando que o BNG fai afirmacións que poden ser perigosas e que os veciños fagan unha proposta non ten nada de malo e que o momento é decisivo para adoptar un acordo, polo cal aínda tendo en conta o prexuízo para o empresario interesado, o voto do seu grupo é contrario a esa ubicación da planta, reiterando que agora é o momento de posicionarse.

O Sr. Lema do PP expón argumentos relativos ós efectos negativos da planta, manifestando que si son tan inocuas como non se instalan en Vigo ou A Coruña.

Intervén a Presidencia, e di que o PP presentou bastantes mocións que cando son serias as apoian, pero que está é errónea, partidista e só con intención de arrapañar uns votos, afirmando que o encabezamento da moción é falso, xa que non hai ningún proxecto presentado. Expón que a documentación que se presentou expúxose ó público e que non houbo reclamacións e a posteriore presentase a proposición non de lei no Parlamento Galego, que logo se solicitou o seu aprazamento e despois a súa retirada por parte do PP. Di que calquera veciño pode presentar unha iniciativa, pero que pola clasificación do solo esa planta non se pode ubicar aí e que iso xo sabe ata o empresario, que xa está a buscar outra ubicación dado que se debe ser claro e transparente coa xente. Solicita que se traballe en sentido positivo e que se retire a moción, e que todos os grupos traballen na mesma dirección.

O Sr. Martínez contesta que si sabían que non se podía ubicar porque presentaron a documentación e se publicitou nos taboleiros para información de todos os veciños?

A Presidencia expón que no mes de novembro dona Xosefina Guitián xa fixo mención no pleno ó respecto dese proxecto, co cal todos o sabían

O Sr. Martínez di que a solicitude, de momento, está en curso e que hai moitas empresas que se saltan a normativa. Expón que non está en contra da industria senón da ubicación e que a alarma se producirá se o proxecto segue adiante e que foron os propios veciños, os que levarían a iniciativa, non o PP.

En canto ó Parlamento di que se aprazou ata haber unha votación formal e que agora xa está de novo en proceso, asumindo que, en efecto non hai proxecto concreto.

Dona Xosefina R. Guitián solicita que non se tergiversen as súas palabras e que o que si di que ó BNG non lle gusta este proxecto e que esa é a postura do seu grupo, e que nin o PP nin TEGA lle poden dar leccións ó BNG de ecoloxía, reiterando que a moción é claramente oportunista e que tería máis dúbidas de que o informe da Xunta sexa positivo si estivese gobernando o PP. Por último solicita que se respecte a postura do BNG que será a abstención.

O Sr. Albela de TEGA expón que oída a Presidencia da por finalizado o tema.

A Presidencia reiteralle ó PP que retire a moción e que entre todos se axude a Asvetrans a buscar ubicación. Di tamén que a moción é claramente partidista e solicítalle ó PP que vaia máis despacio nas súas pretensións.

Posta a votación a citada moción apróbase con 6 votos a favor do PP e TEGA e 7 abstencións do PSdeG-PSOE e BNG.

9º.- Dar conta de Sentenza desestimando recurso contencioso-administrativo interposto pola CIGA contra da Oferta de Emprego Público 2005

Apróbase a urxencia por unanimidade dos asistentes

De seguido o Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón:

“Recibida a sentenza relativa ó recurso Contencioso-Administrativo presentado pola Confederación Intersindical Galega (CIG) contra deste concello e relativo ás bases da convocatoria das prazas incluídas na oferta de emprego público do ano 2005, asunto sobre do cal a concelleira do grupo BNG formulou varias preguntas ó pleno, nas que se quería poñer en dúbida a legalidade das mesmas, dáse conta do fallo da cita sentenza:

O fallo di literalmente: “ DESESTIMACIÓN DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, presentado pola Confederación Intersindical Galega, contra da resolución do 6 de outubro de 2005, pola que se aproba a convocatoria para a cobertura dunha praza de auxiliar administrativo, incluído na Oferta de Emprego Público do Concello no exercicio 2005 e contra a Resolución de data 31 de xaneiro de 2006, pola que se aproban as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria de probas selectivas para o acceso a determinados postos da corporación local, incluídos na Oferta de Emprego Público para 2005: a) administrativo/a de administración xeral (funcionario/a de carreira) por promoción interna; b) administrativo de administración xeral (funcionario de carreira); por acceso libre; c) técnico/a de emprego e de servizos (persoal laboral), por acceso libre; d) auxiliar administrativo/a de administración xeral (persoal laboral) por acceso libre, DEBO DECLARAR E DECLARÓ A CONFORMIDADE A DEREITO DOS ACTOS ADMINISTRATIVOS RECURRIDOS...”

Pero e que ademais no corpo da sentenza fanse afirmacións como istas...”iso unido á mala fe con que actúa a recurrente xa que por unha parte insta ó concello a que priorice a consolidación do emprego inestable e por outra impugna unha convocatoria na que se alude a esa finalidade sen utilizar ningún sistema de selección excepcional...”

E sen querer seguir entrando noutra serie de afirmacións que contén a sentenza, nin polemizar con este tema, o certo é que non sequera nun só punto dos fundamentos se lla dá, cousa que xa é difícil, a razón á parte recorrente, pero todo o persoal involucrado na sprobas, estivo, dende outubro de 2005 pendente dunha sentenza que podía poñer en dúbida ó seu posto de traballo, conseguido tras moitos anos de dedicación, e logo de superar un proceso de concurso-oposición, o cal non é xusto, visto sobre todo que non había ningún fundamento para iso.

Nembargantes síguense a interpoñer recursos contra actuacións do concello en materia de selección de persoal, e isto é xudicializar a xestión dun pequeno concello, asumindo pola nosa parte que sempre se poden cometer fallos na xestión diaria, pois a nadie é perfecto; non fai falta máis que ver na prensa dos últimos días algunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza recoñecendo a FLAGRANTE DISCRIMINACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL na contratación das brigadas contra incendios. Así pois pedimos máis cordura neste aspecto, e que antes de acudir con lixeireza á vía xudicial se valoren seriamente os asuntos.

10º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Á pregunta formulada no pleno do mes de novembro pasado polo Sr. Martínez do PP sobre posibilidades de anchar a pista que cruza a aldea de San Pedro e que vai cara Vedra, posto que hai sitios moi estreitos con risco de accidentes, a Presidencia contéstalle que se pode incorporar no vindeiro plan de obras se se consiguen as cesións dos veciños.

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián no pleno de xaneiro, a Presidencia contesta:

1.- Ás pregunta sobre subvención para a normalización lingüística e a compra de axendas a Presidencia contesta que, en efecto, se terá en conta.

2.- En canto á pregunta sobre da depuradora de San Xián de Sales, que se está á espera da sinatura de compra de dúas fincas.

3.- Polo que respecta á pregunta sobre cando pretende o Alcalde ou Concelleiro de Deportes contestar as preguntas do pleno da comparecencia, di que o pleno foi para iso e se hai algunha pregunta concreta que se reitere.

--Ás preguntas de don Carlos Martínez Carrillo do PP, a Presidencia contesta:

1.- Sobre cando se pensa asfaltar a pista que dá á entrada da vivenda do veciño de Merín, don Juan Castiñeiras, di que se pode incorporar ó vindeiro plan

2.- Sobre obras na aldea de Fraiz di que están rematadas

3.- En canto á pregunta sobre en qué finca ou fincas en concreto se vai instalar a depuradora en San Pedro de Sarandón, di que, en principio, na finca do Sr. Sinde.

4.- Á pregunta sobre a colocación de os amarres dos colectores na parroquia de San Mamede, así como no resto de lugares das demais parroquias

que aínda non teñen todos os mencionados amarres postos, di que en canto vaian chegando se van colocando

9.- Sobre do corte de enerxía eléctrica na gardería municipal, di que se cortou un día durante unhas horas

11º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG roga que cando se dea conta de algo se lle dea opción a todos os grupos e que se alegre de que se lle dea razón ó concello na sentenza á que se fai referencia no punto 9º.

Formula ademais as seguintes preguntas

1.- Se se permiten asfaltar zonas verdes coma o campo da festa de San Mamede.

2.- De que data son as licenzas para os peches do recinto hosteleiro de Aldea Grande?

3.- Se é conforme a legalidade que se dean catro días para a presentación de instancias nunha convocatoria de prazas.

4.- -Tamén pregunta polas goteiras no pavillón.

5.-Pregunta polo proxecto da Casa de Estación de Santa Cruz de Ribadulla dado que esa edificación está en estado de abandono e deteriorada.

--O Sr. Albela, do TEGA, formula as seguintes preguntas:

1.-En que data está prevista a construción das beira rrúas que xa fai tempo estaban anunciadas?

A Presidencia contéstalle que foron aprobadas as bases para executar o proxecto das beirarrúas en Sarandón no pleno da Deputación provincial do mes de febreiro cun orzamento total de 472.334,24 euros

2.-Que pistas están incluídas na concesión da Xunta publicadas no DOGA do 18/03/2008 por importe de 65.990 euros (pistas situadas en San Miguel de Sarandón, Santa Cruz de Ribadulla e Trobe?

Ademais o mesmo concelleiro roga que se fagan as xestións oportunas para poder abrir o acceso libre de entrada e saída ó coto de Ximonde para coches e persoas, como estivo no seu día non só para propietarios de fincas senón tamén para calquera visitante, así mesmo, para a reconstrución da ponte colgante e a posibilidade de recuperar o refuxio de pescadores para uso e disfrute dos veciños de Vedra e posibles visitantes, como museo etnográfico, museo de pesca, etc.

A Presidencia contéstalle que se construiu a 1ª fase e estase a redactar a 2ª fase por parte da Consellería de Medio Ambiente para seguir coa construción da obra de Ximonde.

--O Sr. Martínez Carrillo, do Grupo Municipal do Partido Popular, formula as seguintes preguntas:

1-Cando se van a reanudar as obras de saneamento de San Xián de Sales?

- 2.- Cando vai estar en funcionamento a páxina web do Concello?
 - 3.-Para cando se ten previsto que se graven os plenos?
- Así mesmo, formula os seguintes rogos:

- Que se poña un cartel de información na aldea de Fornelos.
- Que na pista aberta para a futura estación depuradora en San Xián se retiren varios árbores caídas no medio da devandita pista.
- Que se proceda a apertura pola pala municipal dos camiños que solicitaron en reiteradas ocasións os veciños de San Xián.
- Reitera unha vez máis que se arranxe a marquesiña de Pousada, dado que a pesar de ser nova, cando chove os rapaces móllanse igual, polo que rogamos se lle busque unha solución xa.
- Reitera de novo que se poña o cristal que falta na marquesiña situada en Rozadela.
- Que se coloque unha varanda a unha ponte pequena que cruza un regato xusto antes de entrar en Neira de Abaixo.
- Que se terminen de colocar os enganches dos colectores do lixo.
- Que se arranxe de forma urxente a pista (ten uns cantos buracos) que cruza o lugar de Sete.
- Nas Brañas de Trasariz puxéronse uns tubos para a auga ata a primeira *tajea*, pero a auga ten que ser enviada pola segunda *tajea*, polo que roga que se arranxe este problema.

12.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, á abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Non se formulan rogos nin preguntas e conclúe a sesión ó fio das vinte e dúas horas e corenta minutos

